



BIBLIOTECA



A II REPÚBLICA



E

A EDUCACIÓN


O 14 de abril de 1931 proclamábase en España a II República.

Chegaba a un país cunha economía subdesenvolvida e cunha taxa de analfabetismo superior ó 44%

A educación foi considerada unha prioridade polos primeiros gobernos republicanos. A constitución de 1931 dicía, no seu artigo 48:

El servicio de la cultura es atribución esencial del Estado, y lo prestará mediante instituciones educativas enlazadas por el sistema de la escuela unificada.


La enseñanza primaria será gratuita y obligatoria



Para combater de inmediato a falta da máis elemental instrucción de case a metade dos seus cidadáns, entre 1931 e 1933 construíronse 7.000 escolas, aínda que foi difícil dotalas de personal suficiente, escaso en España.

Por iso se constituíu o *Patronato de Misiones Pedagógicas*, o 29 de maio de 1931, baixo a presidencia de Manuel Bartolomé Cossío, e cunha directiva na que estaban, entre outros, os poetas Antonio Machado e Luis Cernuda. O seu obxectivo era:

difundir la cultura general, la moderna orientación docente y la educación ciudadana en aldeas, villas y lugares





As misións consistían en desprazamentos por estrada de persoal e material a vilas e aldeas situadas en zonas moi ailladas, onde se levaban a cabo actos de difusión da cultura. Preferíanse localidades de menos 5.000 habitantes, que era onde se vivía o 40% da poboación española. Cando a caravana das misións chegaba a estes lugares, realizábanse durante uns días actos como estes:

- Lecturas públicas e representacións teatrais breves
- Exposicións de láminas con reproducións de obras de arte
 - Proxeccións de cine documental e de ficción
- Audicións de música gravada e en directo (con coros e orquestras)
 - Cursiños para formación de mestres
 - Charlas sobre educación cidadá

Por suposto, todo isto obrigaba a desprazar unha boa cantidade de material: gramófonos, proxectores cinematográficos, pantallas, pequenos escenarios, músicos, instrumentos, paquetes de discos e películas e, como non, lotes de libros.

De feito, baixo a dirección de Luis Cernuda e María Moliner, o Servicio de Bibliotecas das Misións consumiu o 60% do presuposto: cando a Misión abandoaba unha vila, deixaba nela un lote de 100 libros para constituír unha Biblioteca, con servicio de préstamo, a cargo do mestre local de ensino primario. Ás veces, tamén deixaban un gramófono e algúns discos





Galicia foi visitada polas Misi3ns, debido 3 atraso cultural que sufr3a, sobre todo en zonas do interior e tam3n do litoral occidental da provincia da Coru3a: Muros, Serres, Carnota e o Pindo recibiron os beneficios deste proxecto

AUTOR: Alfonso Blanco

MÚSICA: *Riders On The Storm* (The Doors)

